





# Catálogo para Centros Educativos

## Propostas educativas 2015







**Somos unha ONG global de cooperación** para o desenvolvemento que actúa en favor da infancia e a defensa dos seus dereitos, en especial o de recibir unha educación de calidade.

**A nosa prioridade son as nenas, nenos e adolescentes**, en particular aqueles grupos máis vulnerables e excluídos, e con especial atención cara ás nenas.

O noso traballo vai encamiñado a garantir a efectiva realización dos dereitos da infancia no marco da convención internacional que os regula (Convención sobre os Dereitos da Nenez, 1989) e a busca do máximo benestar infantil que se configura como un marco axeitado para avaliar o avance cara a sociedades máis xustas.

**A educación**, alén de ser un dereito en si mesmo, é un medio indispensable para acadarmos os restantes dereitos e liberdades. Por iso, compartimos a convicción de que debe de ser incuestionable, dispoñible, accesible, aceptable e adaptable. Cremos que só dese xeito, será quen de **transformar a vida das persoas** e das comunidades onde viven, contribuíndo a construír sociedades máis xustas e equitativas.




## A nosa proposta educativa

Tendes nas vosas mans esta proposta educativa elaborada polo equipo técnico de educación para o desenvolvemento de Educo, para o **curso escolar 2015/2016**.

Trátase dun conxunto de accións e ferramentas útiles prácticas que promoven unha visión da **cidadanía, global e transformadora**, centrada no coñecemento e a promoción dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes (recollidos na Convención das Nacións Unidas) e na asunción das responsabilidades que dela se derivan, así como na **educación para o desenvolvemento** que sostén o noso labor.

A través deste coñecemento e forma de facer pretendemos fomentar a sensibilización e mobilización dos nenos, nenas e adolescentes para seren quen de desenvolver actitudes críticas e posibilitar que realicen pequenas accións transformadoras na súa contorna e encamiñadas a **contribuír a un mundo máis xusto, solidario e sostible**.

Con todo, a nosa proposta precisa da vosa participación, xa que sen ela non podemos seguir aprendendo, crecendo e inspirándonos para mellorar cada ano.



# Como utilizar este catálogo

As nosas propostas están dirixidas a grupos escolares de educación infantil, primaria e secundaria así coma a profesorado, equipos educativos, colectivos e entidades educativas, asociacións, etc.

1


O eixo temático e o título da actividade, material ou proposta educativa.

2

Se a actividade é presencial ou non presencial e o tempo estimado de duración.

Unha **actividade presencial** é aquela na que o equipo técnico e voluntariado de Educo ofrece acompañamento, dinamización ou asesoramento ao centro educativo, entidade ou grupo participante.


No caso de **actividade non presencial**, o centro educativo ou a entidade recibirá gratuitamente ou poderá descargarse os materiais elaborados por Educo, o que lle permitirá desenvolver de xeito autónomo, a partir de contidos e propostas prácticas, as diferentes temáticas propostas.



3

**Destinatarios.**

As actividades e materiais están deseñados para diversas idades e tipoloxías de persoas e grupos.



4

**Recursos educativos e materiais de apoio.**


Son os materiais educativos que han servir para dinamizar as actividades.



# Táboa resumo de recursos 2015/2016

Actividade	Presencial/ tempo	Destinatarios	Recursos
<b>Sensibilización</b>			
<b>Miradas ao sur: Malí. Auga, fonte de vida</b>	Presencial 60-90 min	Secundaria, bacharelato Grupos de persoas adultas	Internet-DVD
<b>Miradas ao sur: antes de crecer, traballo infantil bangladesh</b>	Presencial 60-90 min	2º ciclo da ESO e bacharelato Grupos de persoas adultas	Internet-DVD Exposición de fotografía
<b>Elas sinalan o camiño: non ao matrimonio infantil</b>	Presencial 90-120 min	ESO e bacharelato Grupos de persoas adultas	Internet-DVD
<b>Zona Reyna: a educación en mans do pobo (Guatemala)</b>	Non presencial 60 min	ESO e bacharelato Grupos de persoas adultas	Internet-DVD
<b>Exposición Miradas ao Sur</b>	Non presencial Presencial 50 min	Público en xeral	Exposición e tríptico
<b>Exposición sobre a explotación laboral infantil</b>	Non presencial Presencial 50 min	Público en xeral	Exposición e tríptico
<b>Derechos de la infancia</b>			
<b>Guía educativa para infantil e primaria sobre dereitos da nenez con metodoloxías de participación infantil</b>	Presencial Non presencial desde 60min	Educación infantil e primaria Grupos infantís de entidades sociais Profesorado e equipos educativos	Guía para profesorado e equipos educativos " <i>A emoción de aprender a Transformar</i> "
<b>Exposición sobre os dereitos da infancia</b>	Non presencial Presencial 50 min	Público en xeral	Exposición e tríptico
<b>Cartel dereitos da nenez</b>	Non presencial	Educación infantil e primaria Grupos infantís de entidades sociais Profesorado e equipos educativos	Cartel resumen dos dereitos da nenez
<b>Acción de mobilización: celebración do aniversario da convención dos dereitos da nenez</b>	Non presencial Desde 60 min	Público en xeral	Exposición e tríptico

Actividade	Presencial/ tempo	Destinatarios	Recursos
<b>Dereito á Educación</b>			
<b>Guías didácticas campaña mundial pola educación</b>	Non presencial Presencial 50 min	Educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, educación non formal e de persoas adultas.	Unidades didácticas para todos os niveis
<b>Exposición sobre educación</b>	Non presencial Presencial 50 min	Público en xeral	Exposición e tríptico
<b>Acción de mobilización: SAME semana de acción mundial pola educación</b>	Non presencial Presencial	Educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, educación non formal e de persoas adultas. Público en xeral	Documento de posicionamento, carteis, trípticos e actividade de mobilización
<b>Dereito á Participación infantil</b>			
<b>Material de formación para o profesorado e equipos educativos en participación infantil</b>	Presencial Non presencial desde 60min	Profesorado e educadores/as de educación infantil, primaria e ESO, grupos infantís e xuvenís de entidades sociais	Guía para profesorado e equipos educativos
<b>Participación infantil: consellos de infancia</b>	Presencial	Consejos de infancia municipais	Formación a NNA e axentes municipais
<b>Exposición sobre participación infantil</b>	Non presencial Presencial 50 min	Público en xeral	Exposición, informe e tríptico
<b>Dereito á protección</b>			
<b>Proposta anti-rumores: como traballar os rumores, estereotipos e prexuizos</b>	Presencial desde 60 min, varias sesións	-	-
<b>Resolución de conflitos</b>	Non presencial Presencial 50 min	-	-
<b>Outros materiais educativos, propostas e accións</b>			
<b>Cápsulas formativas e asesoramento a escolas</b>	Presencial Desde 60 min	-	-



# Propostas





# Miradas ao Sur: Malí. Auga, fonte de vida

## DESCRICIÓN:

Obradoiro que permite, a partir do visionamento dun vídeo, reflexionar sobre os problemas da auga en Malí e as consecuencias que estes teñen na saúde das persoas.



## OBXECTIVOS:

- Desenvolver a relación entre os conceptos de auga e saúde
- Achegar a realidade de Malí aos grupos
- Promover o sentimento de corresponsabilidade
- Achegar os grupos a outras realidades a través da sensibilización cara á diversidade cultural.

## CONTIDOS:

- Entender cal é o papel do río na vida das persoas de Malí
- Relación entre auga e saúde
- A vida das nenas e as mulleres en Malí
- O negocio da auga
- Solucións propostas no vídeo

## NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Conexión internet ou lector DVD e proxector



60 a 90 minutos



Actividade presencial



Grupos escolares de educación secundaria e bacharelato, NNA de 13 a 18 anos e grupos de persoas adultas.

# Miradas ao sur: Antes de crecer, traballo infantil. Bangladesh

## DESCRICIÓN:

Para o desenvolvemento do obradoiro pártese da proxección do documental "Miradas ao Sur": Antes de crecer", para reflexionar sobre as causas e consecuencias do traballo infantil.



## OBXECTIVOS:

- Aproximar os grupos á realidade do traballo infantil
- Coñecer as causas do traballo infantil
- Sensibilizar sobre a vulneración dos dereitos da infancia e a súa relación coa explotación infantil
- Promover o sentimento de corresponsabilidade
- Achegar os grupos a outras realidades a través da sensibilización na diversidade cultural

## CONTIDOS:

- O traballo infantil: Tipoloxía. Traballo e explotación
- As causas do traballo infantil: Pobreza. Discriminación. Falta de acceso á educación.
- Alternativas ao traballo infantil: Lexislación Desenvolvemento humano. Educación

## NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Conexión internet ou lector DVD e proxector

Dispomos tamén dunha exposición fotográfica sobre o traballo infantil que pode acompañar á actividade.



60 a 90 minutos



Actividade presencial



Grupos escolares de educación secundaria e bacharelato, NNA de 13 a 18 anos e grupos de persoas adultas.

# Elas sinalan o camiño: non ao matrimonio infantil

## DESCRICIÓN:

“Elas sinalan o camiño” é unha proposta que pretende abordar a discriminación de xénero no acceso e a permanencia no sistema educativo que sofren as nenas e adolescentes en diversos lugares do mundo. Achegámonos á situación de vulneración de dereitos que representa o matrimonio infantil e o seu impacto na vida das nenas e as súas familias.



## OBXECTIVOS:

- Achegarse á análise das desigualdades locais e globais
- Tomar conciencia sobre a vulneración dos dereitos da infancia e en concreto, das nenas
- Promover a reflexión sobre as discriminacións de xénero.
- Coñecer a realidade de Bangladesh e as principais problemáticas
- Reflexionar sobre a responsabilidade individual e promover a participación dos participantes na construción de sociedades máis equitativas.

## CONTIDOS:

- Matrimonio infantil
- Dereitos dos nenos e as nenas
- A desigualdade de xénero

## NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Conexión internet ou lector DVD e proxector



60 a 90 minutos



Actividade presencial



Grupos escolares de educación secundaria e bacharelato, NNA de 13 a 18 anos e grupos de persoas adultas.

# Ti tamén podes

### DESCRICIÓN:

É un proxecto educativo innovador que mostra nos colexios como facer algo para mellorar o mundo aforrando 1€ ao mes. Traballa a empatía e o compromiso ensinando a investigar e compartir. Obxectivos:

- Que os nenos e nenas sintan e comprendan o mundo no que viven a súa propia realidade e a realidade doutros nenos.
- Combater as desigualdades a través dun enfoque distinto, conectando cun mesmo e cos demais, integrándose e intercambiando.
- Que os nenos, nenas, mozos e mozas aprendan a investigar e conectar coas realidades doutros nenos en situación de desigualdade, e que iso sexa o primeiro paso para mudarmos o mundo.



### MATERIAL DE APOIO:

Ofrécese todo o material ás escolas interesadas e tamén se pode descargar na web do proxecto: <http://www.tutam-bienpuedes.info/>

- Conto: Baseado nunha lenda guaraní, o conto relata mediante unha fábula como un paporrubio consegue apagar pinga a pinga un lume e en como un neno idea un proxecto para rematar coa fame e a pobreza doutros nenos e nenas.
- Guía pedagóxica: O proxecto ofrece unha guía pedagóxica que permite a adecuación ou enriquecemento da mesma, adaptándose aos requirimentos de cada centro escolar.
- Documental: Amonsa a aplicación do proxecto piloto na escola Ágora Sant Cugat International School (Barcelona) durante o curso 2012/13 no que o alumnado decidiu axudar a construír unha aula para os nenos dun orfanato en Kenia e colaboraron cun comedor social en España.

### NECESIDADES TÉCNICAS:

Conexión internet e proxector



## BANGLADESH MATRIMONIO E TRABALLO INFANTIL

En Bangladesh, preto de 5 millóns de nenos e nenas entre 5 e 15 anos son obrigados a traballaren en empregos mal remunerados e perigosos; o 63 % deles viven nos barrios marxinais de Dhaka e traballa máis de oito horas diarias e o 33 % nunca vai á escola. Co proxecto Educación para os nenos traballadores en Bangladesh melloramos as súas condicións de vida e dámoslles a oportunidade de iren á escola. Unha educación que lles permita, no futuro, saíren desta situación de pobreza.



## GUATEMALA EDUCACIÓN NA LINGUA MATERNA

Na Zona Reyna de Guatemala, a poboación é maioritariamente maia e está nunha situación de extrema pobreza: viven en comunidades rurais dispersas e de difícil acceso, con poucas escolas. Até agora, os mestres e mestras daban aulas sen falaren maia, a lingua materna dos cativos, o que complicaba máis aínda o proceso de aprendizaxe. Educa traballa para suplir estas carencias cun plan de estudos que pon especial énfase na aprendizaxe da lingua q'equchi (unha das linguas maias) como idioma materno, do castelán como segunda lingua e das matemáticas (tanto as tradicionais coma as propias da cultura maia).




## MALÍ ACCESO Á AUGA POTABLE


Nas zonas rurais de Malí, menos da metade da poboación ten acceso a auga potable, e tan só un 5% dispón de rede de saneamento. A auga do río está contaminada e causa doenzas tales como a febre tifoidea ou diarrea. En Educa levamos a cabo un programa de hixiene e saneamento en seis escolas da zona rural que inclúen: instalación de latrinas, formación do profesorado en temas de saúde, sensibilización do alumnado alumnos en boas prácticas como lavárense as mans ou a entrega de kits hixiánicos.



## ESPAÑA MALNUTRICIÓN INFANTIL

Perante a evidencia de que as desigualdades son cada día máis globais e tendo en conta a crise que abala España dende 2007, puxemos en marcha o programa de Bolsas Comedor para apoiar as familias con dificultades e que, con iso, puidesen dar unha boa alimentación aos seus fillos e fillas. Unha bolsa comedor garante unha comida completa saudable e equilibrada ao día. Durante o curso escolar as achegas van ás escolas e durante o período de verán o importe destínase a actividades de vacacións que inclúan un mínimo dunha comida ao día..

 Desde un trimestre a un ano escolar completo

 Actividade presencial ou non presencial

 Grupos escolares de educación infantil, primaria e secundaria. Profesorado e equipos educativos

## Zona Reyna: La educación en mans do pobo (Guatemala)

### DESCRICIÓN:

Roberta, Jacinto, Margarita, Gabriela e Don Chus son os protagonistas deste documental e, a través delas e deles coñecemos o programa educativo que se realiza na zona. Un programa que forma docentes para atender as necesidades da poboación infantil e xuvenil e facilitarlles unha educación bilingüe (en castelán e en lingua maia) adaptada ao seu contexto socio-cultural.



### OBXECTIVOS:

- Coñecer outras realidades a través do visionamento dun vídeo documental
- Reflexionar sobre o dereito á educación e a interculturalidade e coñecer mellor a cultura maia.

### CONTIDOS:

- Situación e problemática dos pobos indíxenas (ou poboación orixinaria) de Guatemala
- Desigualdade de xénero e propostas de mellora
- A educación bilingüe nas zonas rurais
- Dereitos da infancia

### NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Conexión internet ou lector DVD e proxector



60 a 90 minutos



Actividade presencial  
o Non presencial



Grupos escolares de educación secundaria e bacharelato,  
NNA de 13 a 18 anos e grupos de persoas adultas.

## Exposición: Miradas ao Sur

### DESCRICIÓN:

A través desta exposición de 20 fotografías –olladas de nenos, nenas, homes e mulleres do Sur– damos a coñecer as vidas destas persoas que cada día se confrontan á pobreza.

Unha escolma de historias auténticas e persoais que nos permiten un achegamento máis humano ao día a día dos máis vulnerables.



### FORMATO:

- Consta de 20 fotografías de 80 x 50 cm
- Fixación: 2 colgadoiros detrás de cada fotografía

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- Palestra  
No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de ao redor de 60 minutos de duración.  
Esta actividade consta dunha palestra de sensibilización sobre un país onde Educo traballa.



Exposición



Público en xeral

# Exposición: Explotación laboral infantil

## DESCRICIÓN:

A través desta exposición queremos que se coñeza de preto a realidade **do traballo infantil en Bangladesh** e a evolución do traballo de Educo neste país no ámbito educativo.

*Bangladesh cinco anos despois* é a continuación da exposición que Educo creou en 2007. Cinco anos despois, a exposición complétase con imaxes novas para ver como son estes nenos e nenas traballadores.

A pesar de que o problema persiste e os nenos teñen que seguir traballando para axudar á subsistencia das súas familias, agora contan cunha oportunidade: teñen acceso a unha educación de calidade, con horarios adaptados, o que lles permitirá rematar os seus estudos como primeiro paso para mellorar as súas condicións de vida.



## FORMATO:

- 11 placas de policarbonato (moi lixeiras) de 100 x 70 cm con fotografías e texto
- Fixación: 2 colgadoiros por fotografía

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- **Palestra**  
No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de ao redor de 60 minutos de duración.  
Esta actividade consta dunha palestra sobre explotación infantil e dereitos da infancia cun debate do público asistente.



Exposición



Público en xeral



# “A emoción de aprendermos a transformar”

## Unidades didácticas para infantil e primaria sobre dereitos da infancia con metodoloxías de participación infantil

### DESCRICIÓN:

A través do material didáctico sobre dereitos de infancia convídase ao profesorado ou aos equipos educativos de entidades sociais a poren en marcha unha proposta de actividades que poidan facer parte dun proceso de participación infantil. Os nenos e nenas coñecen outras realidades, á vez que se lles convida a desenvolveren iniciativas sinxelas para reivindicaren os seus dereitos e mesmo mudaren situacións que lles afectan.



### OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer os dereitos da infancia a nenos, nenas e persoas adultas e sensibilizar sobre o grao de cumprimento en diferentes lugares do mundo
- Motivar o profesorado e persoas adultas que acompañan os nenos e nenas a poren en marcha procesos de participación infantil
- Implicar os nenos e nenas a participaren en propostas deseñadas por eles mesmos coa finalidade de reivindicar ou pór en práctica cuestións da súa vida cotiá relacionada con algúns dos seus dereitos.

### CONTIDOS:

- Os dereitos da infancia Educar a través dun enfoque de dereitos
- A participación infantil como dereito e como proceso educativo
- Exemplos de metodoloxías participativas na aula de educación primaria.

### NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Material didáctico: Guía para profesorado e educadores/as “A emoción de aprendermos a Transformar”



desde 60 minutos, ata proxecto de 10 sesións



Actividade presencial y Non presencial




Grupos escolares de educación infantil e primaria. Grupos infantís de entidades sociais. Profesorado e equipos educativos

# Exposición de dereitos da infancia

### DESCRICIÓN:

O obxectivo desta exposición é achegar a Convención sobre os Dereitos da Infancia ao público en xeral, especialmente os nenos, nenas e adolescentes. A Convención sobre os dereitos da infancia, adoptada polas Nacións Unidas, o 20 de novembro de 1989, inclúe ao longo dos seus 54 artigos, catro principios básicos: a non discriminación, o interese superior do neno e a nena, o dereito á vida, a supervivencia e o desenvolvemento e a participación en todo aquilo que lles poida afectar. No contexto da exposición sobre os dereitos da infancia, ofrecemos a posibilidade de organizar palestras e obradoiros dirixidos tanto a nenos, nenas e adolescentes coma público adulto. Esta actividade tamén ofrece a posibilidade de organizar obradoiros sobre a educación en dereitos da infancia para profesorado e educadores/educadoras.



### FORMATO:

- A exposición é moi completa, á vez que lixeira e fácil de montar.
- Consta de 10 paneis de foam de 150 x 90 cm
- Ten un apoio triangular en cada panel para que poida pousarse no chan e manterse de pé.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- Palestra  
No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de ao redor de 60 minutos de duración.  
  
Esta actividade consta dunha palestra sobre dereitos da infancia cun debate co público asistente.



Exposición



Público en xeral

# Cartel sobre Dereitos da Infancia

## DESCRICIÓN:

Material visual que serve como recordatorio ou resumo dos dereitos de infancia de forma visual para nenos, nenas e adolescentes.



## OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer os dereitos da infancia a nenos, nenas e persoas adultas.

## CONTIDOS:

- Dar a coñecer os dereitos da infancia a nenos, nenas e persoas adultas.

## NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Material didáctico: Cartel Dereitos da Infancia Educo



Actividad Non presencial



Grupos escolares de educación infantil e primaria. Grupos infantís de entidades sociais. Profesorado e equipos educativos

## Acción de mobilización: celebración do aniversario da convención dos dereitos da infancia

### DESCRICIÓN:

Convidamos grupos e centros educativos a celebraren o aniversario da Convención de Dereitos da Infancia durante o mes de novembro. Desde Educo ofrecemos unha batería de ideas e ferramentas para organizar obradoiros, actividades de mobilización, doazóns de materiais, etc. Contacta co equipo técnico e darache información sobre as posibles convocatorias e recursos dispoñibles en cada delegación territorial.



Desde 50 minutos



Actividade presencial e  
Non presencial



Público en xeral (grupos escolares,  
asociacións, entidades sociais, etc)

# Campaña mundial pola educación

### DESCRICIÓN:

Educo fai parte da Coalición Española da Campaña Mundial pola Educación.

A Campaña Mundial pola Educación é unha coalición internacional formada por ONG, sindicatos do sector educativo, centros escolares e movementos sociais de máis de 100 países, cuxo obxectivo principal é reclamar o cumprimento integral do dereito a unha educación de calidade para todos e todas.

Durante todo o ano, participamos na organización de accións de mobilización, incidencia política, actividades educativas etc.

Así mesmo, cada ano elaboramos dúas Unidades Didácticas (unha para infantil/primaria máis outra para secundaria/bacharelato e persoas adultas) sobre un tema en concreto relacionado co dereito á educación:

- En 2009 traballamos sobre a alfabetización dos máis novos e das persoas adultas.
- En 2010 sobre o financiamento da educación no mundo.
- En 2011 sobre o dereito á educación de mulleres e nenas.
- En 2012 sobre unha educación temperá de calidade
- En 2013 sobre a necesidade de profesorado ben formado, motivado e remunerado.
- En 2014 sobre a educación inclusiva
- E en 2015 sobre a situación da educación no mundo, os logros dos últimos 15 anos e os desafíos para acadar unha educación de calidade para todos e todas.

### OBXECTIVOS:

- Fornecer un material educativo con contidos relacionados co dereito á educación no mundo.
- Motivar o alumnado, o profesorado e persoas adultas que acompañan os nenos, nenas e adolescentes para participar nesta campaña polo dereito á educación.

### CONTIDOS:

- Dereito á educación: logros e retos da situación da educación no mundo.
- Metodoloxías educativas para a mellora das habilidades democráticas.
- Outras realidades.

### NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Material didáctico: Unidades didácticas da Campaña Mundial pola Educación.



Desde 50 minutos



Actividade presencial e non presencial



Grupos de educación infantil, primaria, ESO, bacharelato, educación non formal e educación de persoas adultas

# Exposición: a educación, camiño de futuro

### DESCRICIÓN:

Esta exposición dá boa conta da aposta de Educo pola educación como a opción máis axeitada para saír da pobreza e acceder a unha vida mellor.

O percorrido dá unha visión global do dereito á educación no mundo. Mestura o marco xeral pautado polos organismos internacionais con innovadores proxectos de Educo como o Recuncho do bo trato de Bolivia, a *Educación feliz* de Cambodja ou as *Bibliotecas viaxeiras* de Ghana.



### FORMATO:

- Descrición: 6 columnas, 24 cubos de foam de 50 x 40 cm, con textos e imaxes nos 4 lados
- Fixación: os cubos sostéñense entre eles

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- Palestra  
No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de ao redor de 60 minutos de duración.  
Esta actividade consta dunha palestra sobre o dereito á educación cun debate co público asistente.



Exposición



Público en xeral

# Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME)

### DESCRICIÓN:

Durante a Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME), en todo o mundo nos mobilizamos baixo un mesmo lema, en defensa do cumprimento do dereito a unha educación de calidade para todos e todas.

Trátase dunha semana (normalmente a mediados de abril) na que en máis de 100 países do mundo, a sociedade civil mobilízase para reivindicar o dereito á educación.

En Educo vimos celebrando a SAME desde 2003, nesa semana as organizacións membro da Campaña Mundial pola Educación, traballamos conxuntamente con centros educativos, entidades sociais e a sociedade civil para chamar a atención dos e das representantes políticos, a comunidade educativa e os medios de comunicación sobre a necesidade de tornar real este dereito a unha educación de calidade en todo o mundo.

Durante esta semana, teñen lugar numerosos actos na rúa e mobilizacións en diversas cidades e municipios, realízanse actos de incidencia política e en xeral saímos á rúa a reivindicar.

Animámoste a te sumares á SAME. Ponte en contacto co noso equipo das distintas delegacións e daremosche información sobre posibles actos e eventos, así como sobre os materiais e ferramentas dispoñibles.

### OBXECTIVOS:

- Mobilización da comunidade educativa e dos NNA en prol do dereito á educación.
- Visibilización nos medios de comunicación a respecto dos incumprimentos do dereito a unha educación de calidade para todos e todas.
- Incidencia política para o cumprimento de acordos internacionais sobre o dereito á educación



Desde 50 minutos



Actividade Presencial e non presencial



Grupos de educación infantil, primaria, ESO, bacharelato, educación non formal e educación de persoas adultas.

# Manual de formación para profesorado sobre participación infantil

## DESCRICIÓN:

A través de material didáctico sobre participación da infancia e a adolescencia anímase a profesorado ou equipos educativos de entidades sociais a desenvolveren accións formativas e auto-formativas que lles axuden a ampliar coñecementos sobre a participación infantil e pór en marcha procesos de participación con nenos, nenas e adolescentes na súa contorna máis próxima. Na modalidade presencial, o equipo técnico de Educo realiza accións formativas e de asesoramento.



## OBXECTIVOS:

- Ofrecer un material educativo con contidos relacionados coa participación
- Motivar o profesorado e persoas adultas que acompañan os nenos, nenas e adolescentes na posta en marcha de procesos de participación infantil e adolescente.

## CONTIDOS:

- A participación infantil e xuvenil: Definición, ámbitos e tipoloxías.
- Metodoloxías educativas innovadoras para pór en marcha procesos de participación. A aprendizaxe dialóxica.
- Exemplos de boas prácticas de participación infantil e adolescente

## NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Material didáctico: Guía para profesorado e equipos educativos *"A participación da Infancia e a adolescencia"*



Desde 60 minutos



Actividade Presencial e non presencial



Profesorado e equipos educativos de educación infantil, primaria e ESO, grupos infantís e xuvenís de entidades sociais



# Participación Infantil: consellos de infancia

### DESCRICIÓN:

Desde Educo ofrecemos unha batería de ideas e ferramentas para apoiar as accións formativas dos Consellos Municipais de Infancia. O equipo técnico de Educo pode acompañar este proceso, tanto no que toca á formación de NNA e axentes educativos municipais, coma en levar a termo a proposta de transformación dunha contorna ou realidade próxima. Podedes contarnos a vosa iniciativa ou pensámola xuntas.



### OBXECTIVOS:

- Reforzar os consellos de infancia
- Axudar á creación e fortalecemento de espazos de participación para NNA.
- Mellorar as habilidades e coñecementos sobre dereitos de infancia, participación e cidadanía global dos NNA que integran os consellos de infancia.

### CONTIDOS:

- Dereitos de infancia
- Participación Infantil
- Habilidades democráticas
- Cidadanía global
- Exemplos de boas prácticas de participación infantil e adolescente

### NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Materiais didácticos de Participación infantil de Educo adaptados á realidade dos Consellos de Infancia.



desde 60 minutos



Actividade presencial



Consellos de Infancia

# Exposición: Participación Infantil

## DESCRICIÓN:

Exposición sobre a importancia de cumprir o dereito á participación infantil.

A exposición recolle o que é a participación infantil para nenos, nenas e adolescentes, así como o concepto de participación infantil que teñen as persoas adultas. Ademais dá exemplos de boas prácticas de procesos de participación infantil no mundo e suxire posibles accións para a participación infantil.



## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- Palestra

No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de ao redor de 60 minutos de duración.

Esta actividade consta dunha palestra sobre o dereito á participación infantil cun debate co público asistente



Exposición




Público en xeral

# Proposta anti-rumores: como traballar os rumores, estereotipos e prexuizos

### DESCRIPCIÓN:

Vivimos nun mundo globalizado, onde os medios de comunicación e as tecnoloxías teñen vido a gañar unha presenza fundamental na difusión e construción de valores, crenzas, rumores, prexuizos sobre múltiples temas, como a diversidade cultural, o xénero, etc... As mozas e mozos son as persoas máis sensibles e próximas a este mundo dixital e son actores imprescindibles para acadarmos unha sociedade máis crítica e xusta.

Desde Educo ofrecemos a dinamización de obradoiros prácticos para reflexionar sobre estes conceptos e o papel que teñen as novas tecnoloxías e os medios de comunicación. Co apoio dunha guía didáctica, o profesorado ou persoas adultas en xeral (familias, equipos educativos, etc.) poderán levar a cabo, de xeito participativo, sesións de traballo a partir de vídeos e cuñas de radio que desmontan algún prexuízo e rumor que pode estar a afectar a algún membro da comunidade educativa



### OBXECTIVOS:

- Xerar un espazo de encontro e diálogo arredor da diversidade cultural como un valor da nosa sociedade
- Promover o sentimento de corresponsabilidade entre o alumnado
- Achegar o alumnado a outras realidades a través da sensibilización cara á diversidade cultural.

### CONTIDOS:

- Conceptos de estereotipo, rumor e prexuízo
- Que é o que din os medios de comunicación, a xente e os datos
- Propostas para derrubar rumores, prexuizos e estereotipos

### NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Computador con altofalantes, conexión a internet ou lector DVD e proxector.  
Guía para profesorado: "Desmontando rumores sobre a diversidade cultural"



Desde 60 minutos.  
Varias sesións



Actividade presencial  
e non presencial



Terceiro ciclo de educación primaria, ESO e bacharelato. Profesorado e educadores/as.  
Grupos de persoas adultas.

# Resolución de conflitos

## DESCRINCIÓN:

A través dunhas fichas didácticas, as persoas interesadas poden ter un punto de partida na auto-formación sobre a resolución de conflitos.

Fichas:

- “Cine para desaprendermos a violencia” – ficha didáctica que a través de películas e materiais audiovisuais coñecidos nos dá a oportunidade de volvermos ver eses recursos a través do prisma da resolución de conflitos.
- “Con conflitos crecemos xuntos” – ficha didáctica sobre o que é o conflito e como abordalo.
- “Como comunicármonos cos nosos fillos e fillas adolescentes?” -fichas que nos fornece pautas para mellorarmos a comunicación e a resolución de conflitos no fogar con adolescentes.



## OBXECTIVOS:

- Xerar un espazo de encontro e diálogo
- Promover a resolución pacífica de conflitos na nosa contorna.
- Aumentar as ferramentas para o bo trato

## CONTIDOS:

- Resolución de conflitos.
- Habilidades de bo trato

## NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Guías didácticas



Non presencial



Profesorado e equipos educativos Familias.

## Cápsulas formativas a profesorado, familias, asociacións e entidades sociais e asesoramento a escolas

### DESCRICIÓN:

As cápsulas formativas fan parte dunha das principais liñas de actuación da nosa entidade. Están dirixidas ao profesorado, familias, asociacións e persoas e grupos vencellados ao ámbito educativo. Estas formacións son de curta duración (60-90 minutos) e pretenden ser o punto de partida para a formación para unha educación centrada en dereitos e para promover procesos educativos de diversas características (de información e sensibilización, accións de mobilización e incidencia, procesos de participación infantil e xuvenil, etc.)

Por outra banda ofrecemos asesoramento para incorporar o enfoque de dereitos da infancia e a adolescencia na escola e en diversas institucións, así coma acompañamento a grupos e colectivos para desenvolver accións solidarias, de participación infantil e xuvenil, etc.



### OBXECTIVOS:

- Levar a cabo accións formativas e de asesoramento que motiven o desenvolvemento de procesos educativos en relación ás temáticas tratadas.

### CONTIDOS:

As temáticas están relacionadas con:

- Os dereitos da infancia
- A participación infantil
- Educación.
- A interculturalidade

### NECESIDADES TÉCNICAS E MATERIAL DE APOIO:

Materiais utilizados nas restantes propostas educativas incluídas nesta guía (sobre cidadanía global, dereitos de infancia, participación infantil e xuvenil e protección)




Desde 60 minutos



Presencial



Profesorado, familias, asociacións e entidades sociais.



# Máis información

**ONDE ATOPARNOS NA WEB:**

[www.educo.org](http://www.educo.org)

**COMO CONTACTAR CO EQUIPO EDUCATIVO PARA SOLICITAR MATERIAIS OU PARA AS ACTIVIDADES PRESENCIAIS:**

**Andalucía:**

 C/ Feria 151 local, 41002 Sevilla  **954 389 651**

**Cataluña:**

 C/ Pujades 77-79, 4ª planta. Barcelona  **93 300 11 01**



**Comunidade de Madrid:**

 C/ Baldasano, nº 26, Bajo. Madrid  **91 521 33 30**



**Comunidade Valenciana:**

 C/ Lérida 28, bajos 46009 Valencia  **96 351 75 96**

**Galicia:**

 C/ San Andrés 143, bajos, 15003 A Coruña  **98 120 08 26**

**País Vasco:**


 C/ Juan Bautista Zabala 12, 1º oficina 4 – 48991 Algorta- Getxo Bizkaia  **94 443 45 48**





**CONSELLO:**

Se imprimimos só os contidos que precisamos, en papel reciclado e reutilizamos follas usadas por un lado, contribuímos a coidar do noso planeta.



[www.educo.org](http://www.educo.org)



[educo@educo.org](mailto:educo@educo.org)



[@Educo\\_ONG](https://twitter.com/Educo_ONG)



[www.facebook.com/educoONG](https://www.facebook.com/educoONG)



ISO 9001  
BUREAU VERITAS  
Certification

SEDE BARCELONA